

ACTIVIDADES DE LINGUA INGLESA

O día **13 de marzo os alumnos de 6º curso** asistiron a unha conferencia en lingua inglesa por xentileza da Editorial Oxford “English Children”, na que coñeceron diferentes aspectos da vida dos nenos ingleses e incluso puideron practicar algúns dos seus xogos.



O día **12 de marzo os nenos de Educación Infantil** recibimos na biblioteca do centro a visita dunha serea!! Milly presentounos un montón de amigos, e cantamos con ela moitas cancións.



O día **16 de marzo** todos os nenos de **Educación Primaria** vimos obras de teatro en inglés no auditorio, que nos gustaron un montón! E aprendemos un montón!

Os de **1º e 2º** asistimos a unha versión moderna de **Carapuchiña Vermella**:
“Red in the Hood”.



Os de **3º e 4º** pasámolo moi ben co **Dr. Frankenstein e o seu monstro** en
“Monster Madness”.



Os máis maiores convertémonos en exploradores coa axuda de “**Throne Riders**”.

